Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente conforme ao informe proposta da Dirección Deportiva relativo a aprobación da adquisición de 78 trofeos e 325 mochilas para os participantes na proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de Resistencia BTT da Federación de Galega de Ciclismo e en colaboración solidaria coa Asociación Española contra o Cancro, que se vai levar a cabo o vindeiro día 9 de febreiro do presente ano e para o que se presentan presupostos das empresas que a continuación se indican por importe total de 2.282,80 €:

| **PROVEEDOR** | **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. | | |
| B36542330 | Adquis. trofeos | 878,13.- |
| ASOCIACIÓN EPSAÑOLA CONTRA | | |
| EL CÁNCER G28197564 | Adquis. Mochilas | 1.625,00.- |
| | Total | 2.282,80 € |

.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan, a adquisición dos 78 trofeos e 325 mochilas para os participantes na proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de Resistencia BTT da Federación de Galega de Ciclismo e en colaboración solidaria coa Asociación Española contra o Cancro, que se vai levar a cabo o vindeiro día 9 de febreiro do presente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 2.282,80 €:

| **PROVEEDOR** | **CONCEPTO** | **IMPORTE** | **PARTIDA** |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. B36542330 | Adquis. trofeos | 878,13 € | 342-226,9901 |
| ASOCIACIÓN EPSAÑOLA CONTRA EL CÁNCER G28197564 | Adquis. Mochilas | 1.625,00 € | 342-226,09 |
| | Total | 2.282,80 € | |

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos proveedores da obriga de incluir nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

| DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES | |
|---|---|
| OC: LA0003309 | INTERVENCIÓN DELEGADA |
| OG: LA0003309 | PRESIDENCIA |
| UT: LA0003309 | ADMINISTRACIÓN |

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a sete de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á aprobación dos gastos para a organización da GALA DA XXXII FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se vai celebrar o vindeiro día 28 de marzo do presente ano, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 12/02/2025, presentando un orzamento de gastos por importe total de 5.270,00 €., desglosados da seguinte maneira:

| **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
|---|---|
| GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO | 2.000,00 .- |
| TROFEOS | 1.250,00 .- |
| PRESENTADOR | 600,00 .- |
| ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES | 1.120,00 .- |
| VARIOS/IMPREVISTOS | 300,00 .- |
| TOTAL ………………… | 5.270,00 € |

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o orzamento dos gastos correspondentes á organización da GALA DA XXXII FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se vai celebrar o vindeiro día 28 de marzo do presente ano, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 12/02/2025, por importe total de 5.270,00 €.,co seguinte desglose:

| **CONCEPTO** | **IMPORTE** | **PARTIDA** |
|---|---|---|
| GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO | 2.000,00 .- | 342-226,09 |
| TROFEOS | 1.250,00 .- | 342-226,9901 |
| PRESENTADOR | 600,00 .- | 342-226,09 |
| ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES | 1.120,00 .- | 342-226,09 |
| VARIOS/IMPREVISTOS | 300,00 .- | 342-226,09 |
| TOTAL ………………… | 5.270,00 € | |

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto a proposta do Sr Presidente relativa a pagamento extaorzamentario do 50% restante por parte da Fundación de Deportes a Fudación Fexdega, correspondente a SUBVENCIÓN DIRECTA DO ANO 2024 ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, A FUNDACIÓN DE DEPORTIVA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS E A FUNDACIÓN E FEIRAS E EXPOSICIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO E GALICIA (FEXDEGA), para o financiamento desta última, por importe de 31.500,00 €, conforme a cláusula sexta do Convenio Regulador asinado o 06/02/2024 entre o Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa, o Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais e o Presidente da Fundación Fexdega para a concesión da citada Subveción, dado que non se presentou a tempo a solicitude de desembolso do 50% restante por parte da Fundación e era un gasto que quedou comprometido no ano 2024.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Recoñecemento de obriga e proceder ao pagamento coa máxima urxencia e con carácter extraorzamentario, á Fundación Fexdega do importe de 31.500,00 € correspondente ao 50 % do importe total, tal e coma está previsto na cláusula sexta do CONVENIO REGULADOR PARA A CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN PARA O ANO 2024 ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS (FPSDM) E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA (FEXDEGA) asinado o 6 de febreiro de 2024 entre o Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa, o Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais e o Presidente da Fundación Fexdega.

2.- Imputar este pagamento extraorzamentario ao compromiso de gasto doexercicio

2024 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais coa Fundación Fexdega, cando este sexa incorporado ao exercicio 2025, previa liquidación do orzamento do exercicio 2024 e modificación de crédito oportuna. Se por algunha circunstancia non fose posible esta incorporación do crédito comprometido no exercicio 2024 ao exercicio 2025, imputarase necesariamente ao orzamento do exercicio 2025 previa modificación orzamentaria que fose necesario e que este Presidente se compromete a impulsar.

3.-Unha vez contabilizado o recollido no punto primeiro, procédase a facer efectivo o pagamento de forma inmediata a vista da urxencia declarada no expediente.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistas e comprobadas as bases das Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, exercicio 2025, realizadas durante o ano 2024 e, presentadas ao Consello Reitor con data 12/02/2025,para a súa toma de coñecemento.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar as bases das Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, exercicio 2025, realizadas durante o ano 2024, co visto e prace dos membros do Consello Reitor que se celebrou o pasado día 12/02/2025.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistas e comprobadas as bases das Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2025, correspondente á tempada 2023/24 ou ano 2024 e, presentadas ao Consello Reitor con data 12/02/2025, para a súa toma de coñecemento.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar as bases das Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2025, correspondente á tempada 2023/24 ou ano 2024, coa toma de coñecemento das mesmas polo Consello Reitor que se celebrou o pasado día 12 de febreiro do presente ano.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente relativa á aprobación da Convocatoria de Subvencións destinadas á Organización de Actividades Extraordinarias, para o exercicio 2025, realizadas durante o ano 2024, conforme as bases aprobadas por Resolución do Sr. Presidente con data 14/02/2025, así como a aprobación da cuantía económica destinada a tal fin por importe total de 30.000,00 € que figura na partida e 342-483,01 do orzamento da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a Convocatoria de Subvencións destinadas á Organización de Actividades Extraordinarias, para o exercicio 2025, realizadas durante o ano 2024, conforme as bases aprobadas por Resolución do Sr. Presidente con data 14/02/2025.

2.- Aprobar a cuantía económica destinada ao pagamento das citadas subvencións por importe total de 30.000,00 €, con cargo á partida e 342-483,01.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezasete de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente relativa á aprobación da Convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, para o exercicio 2025, correspondente á tempada 2023/24 ou ano 2024, conforme as bases aprobadas por Resolución do Sr. Presidente con data 14/02/2025, así como a aprobación da cuantía económica destinada a tal fin por importe total de 82.000,00 € que figura na partida e 342-483,00 do orzamento da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, podendo excepcionalmente aumentarse a citada consignación con sobrantes nas partidas coa misma vinculación xurídica.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a Convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, para o exercicio 2025, correspondente á tempada 2023/24 ou ano 2024, conforme as bases aprobadas por Resolución do Sr. Presidente con data 14/02/2025.

2.- Aprobar a cuantía económica destinada ao pagamento das citadas subvencións por importe total de 82.000,00 €, con cargo á partida e 342-483,01, podendo excepcionalmente aumentarse a citada consignación con sobrantes nas partidas coa mesma viculación xurídica.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezasete de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a proposta do Sr. Director Deportivo relativa á aprobación da coorganización con Special Olimpics Galicia, para a celebración dos 30º XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 8 de marzo do presente ano, no Recinto Feiral de Fexdega.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a coorganización con Special Olimpics Galicia, para a celebración da 30º XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 8 de marzo do presente ano, que se vai a levar a cabo no Recinto Feiral de Fexdega.

2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onte estará representado a devandita entidade deportiva e a Fundación de Deportes, con un representante de cada entidade e, o que propoñerá a aprobación dun orzamento de gastos e a designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, Director Deportivo da Fundación de Deportes, e pola outra parte a Dna, Eunice Mosquera Arnoso, Directora Técnica de Special Olimpics Galicia, en representación da súa entidade.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezanove de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo OS INGLESES RUGBY CLUB no que solicitan, autorización do uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración dunha concentración de Escolas de Rugbi incluidas no calendario da Federación Galega de Rugbi, o vindeiro día 15 de marzo do presente ano de 08:30 a 15:30 horas. Así como, a cesión do material que a continuación se relaciona:

- Cesiónde 4 carpas, 4 mesas, 8 cadeiras.
- Cesión de un Equipo de Son.
- Cesión de publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes.
- Concesión de 300 medallas para os participantes.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao OS INGLESES RUGBY CLUB, o uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración dunha concentración de Escolas de Rugbi incluídas no calendario da Federación Galega de Rugbi, o vindeiro día 15 de marzo do presente ano, de 08:30-15:30 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de 4 mesas e da publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación,

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 4 carpas e 8 cadeiras.

. Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- No relativo a concesión das 300 medallas, enténdese que é un agasallo para os participantes, considerándose un gasto protocolario do que se ten que facer cargo o organizador do evento.

7 .- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
7.1)A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil.

A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no caso de ser unha competición oficial, o certificado da federación correspondente conforme autoriza o desenvolvemento da citada proba.

7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración

xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

9.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do II TORNEO BENXAMÍN RATIBROM, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 9:00-22:00 horas, así como o material que a continuación se relaciona:

- A apertura do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, o día de celebración do devandito Torneo, ás 7:30 horas para realizar a montaxe do evento.
- A cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas.
- Cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- A circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol.
- A concesión de tres trofeos.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., o uso do Campo de Fútbol Muncipal de Berdón, para a celebración do II TORNEO BENXAMÍN RATIBROM, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 7:30-22:00 horas. O que xenerará por tratarse dun día festivo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol, conforme ao informe solicitado á Concellería de

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación e reparación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa as necesidades de colaboración, da cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas grandes, para a súa aprobación, se procede.

6.- Conceder 3 trofeos para os primerios equipos clasificados no evento, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 43,75 € (IVE incluído).

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, ou no seu caso o certificado da Federación correspondente conforme se trata dun evento de carácter oficial.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito

de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

10.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secreataria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do II TORNEO PREBENXAMÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 18 de maio presente ano, de 09:00-22:00 horas. Así como a cesión do manterial que a continuación se relaciona:

- Apertura da instalación solicitada a partir das 7:30 horas para levar a cabo a montaxe do evento.
- Cesión de 6 carpas, 6 mesas e 100 valadas.
- Cesión dun equipo de son
- Cesión da publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- Concesión de 3 trofeos para os equipos gañadores do Torneo.
- Acceso a instalación en sentido único, para evitar aglomeracións no acceso a mesma.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do II TORNEO PREBENXAMÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 18 de maio do presente ano, de 07:30-22:00 horas. O que xenerará a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol, conforme ao informe solicitado á Concellería de

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión da publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Conello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de obras, a cesión de 6 carpas, 6 mesas e 100 valadas

. Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Conceder 3 trofeos para os tres primeiros equipos clasificados do Torneo, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA S.L., por importe de 43,75€ (IVE incluído).

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento ou o Certificado da Federación correspondente conforme o evento e oficial.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa,

debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

10.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo Club de Remo Vilaxoán, no que solicita para a celebración da XVII BANDEIRA PORTO DE VILAGARCÍA DE BATEIS, no porto de Vilaxoán, o vindeiro día 22 de marzo do presente ano, o seguinte:
- Cesión e instalación de 2 palcos toldados.
- Cesión dun equipo de megafonía.
- A colaboración do Servizo de Protección Civil durante o desenvolvemento da proba.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Comunicarlle ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da XVII BANDEIRA PORTO DE VILAGARCÍA DE BATEIS, o vindeiro día 22 de marzo do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do equipamento solicitado. Así como deberán concretar o horario do evento.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
- Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil.
- Póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no seu caso o certificado da Federación correspondente no que indique que a competición e oficial.
- Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita proba.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

. Departamento de Obras, a cesión e instalación de dous palcos toldados.
. Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de comunicación da devandita proba.
. Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de Megafonía.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do I TORNEO ALEVÍN VILAGARCÍA, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, de 9:00-22:00 horas, así como o material que a continuación se relaciona:

- A apertura do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, o día de celebración do devandito Torneo, ás 7:30 horas para realizar a montaxe do evento.
- A cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas.
- Cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- A circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol.
- A concesión de tres trofeos.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., o uso do Campo de Fútbol Muncipal de Berdón, para a celebración do I TORNEO ALEVÍN VILAGARCÍA, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, de 7:30-22:00 horas. O que xenerará por tratarse dun día festivo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol, conforme ao informe solicitado á Concellería de

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación e reparación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa as necesidades de colaboración, da cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas grandes, para a súa aprobación, se procede.

6.- Conceder 3 trofeos para os primerios equipos clasificados no evento, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 43,75 € (IVE incluído).

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, ou no seu caso o certificado da Federación correspondente conforme se trata dun evento de carácter oficial.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito

de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

10.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte e un de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secreataria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe da Sr. Interventor Xeral relativo ao pago efectuado a unha conta incorrecta do Club Xadrez Fontecarmoa, correspondente ao pagamento do recoñecemento da obriga do 20% da Subvención concedida destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2024, correspondente á tempada 2022/23 ou ano 2023 por importe de 999,84 €. Así como visto o ingreso do citado importe á conta de titularidade da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa pola Entidade Financiera/Entidade receptora que procedeu á devolución, indicando que esta conta estaba cancelada. Procede a contabilización do ingreso non presupostario e o seu posterior pago non presupostario na conta correcta.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a contabilización do ingreso efectuado na conta bancaria da Fundación de Deportes, polo erro da conta bancaria do Club Xadrez Fontecarmoa, correspondente ao pagamento do recoñecemento da obriga do 20% da Subvención concedida destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2024, correspondente á tempada 2022/23 ou ano 2023 por importe de 999,84 €, con cargo á partida económica 20501.

2.- Efectuar o pagamento na conta correcta do citado Club, por importe de 999,84 €, con cargo á partida económica 20501.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado por OS INGLESES RUGBY CLUB no que solicita, autorización de uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo, Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo, para a celebración do IV TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, categoría M14, o vindeiro día 24 de maio do presente ano, de 08:30-20:00 horas. Así como a cesión do material que a continuación se relaciona:

- Autorización de uso do CFM Manuel Jiménez e do Estadio de Atletismo de 08:30 a 20:00 horas.
- Arco de saída da Fundación de Deportes
- Uso do marcadores do Estadio de Atletismo e do Camp de Fútbol Manuel Jiménez.
- 8 carpas
- 10 mesas
- 12 cadeiras
- 12 valados
- 1 palco
- 7 trofeos.
- Autorización de uso da casa de Cultura de Fonteacarmoa para o sábado 24 de maio en horario de 09:00 a 21:00 e para o venres 23 poder gardar o material
- Peche ao tráfico da rúa Camilo Xosé cela dende a entrada ao Estadio de Atletismo de 09:00 a 21:00 horas.
- Autorización da Praza da Pescadería en horario de 17:00 a 23:00 horas, para a ceremonia de clausura, de non poder se a Praza de Abastos.
- Presencia de Ambulancia de Protección Civil.
- Visita turística guiada polos lugares destados da cidade de Vilagarcía de Arousa.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar a OS INGLESES RUGBY CLUB, o uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do IV TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, categorías M14, o vindeiro día 24 de maio do presente ano, nos horarios solicitados de 08:30 a 20:00 horas. O uso das citadas instalacións poderá xerar a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións deportivas e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiro de espazos públicos, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, nas proximidades das instalacións autorizadas, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión dun arco de saída e a publicidade institucional da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de obras, a cesión de 8 carpas, 10 mesas e 12 cadeiras e un palco
- Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- Concellería de Seguridade Cidadá, para a colaboración dos Departamento da Policía Local co peche ao trafico da Rúa Camilo José Cela ata a entrada ao Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
- Concellería de Cultura, para a autorización do uso do Centro Social de Fontecarmoa.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

- Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa colaboración coa presenza dunha ambulancia durante o desenvolvemento do Torneo.
- Concellería de Turismo, para a colaboración con unha visita guiada pola cidade para a mañá do día 25 de maio.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Conceder 7 trofeos para a entrega de premios aos gañadores do evento, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 101,65 €.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

10.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.